



CIRCULAR INFORMATIVA 10/2021

1. LISTAS PARA ACTUAR COMO ADMINISTRADORES CONCURSAIS / 2022

Coma cada ano, antes do 31.12.2021 o Colexio de Abogados remite aos xulgados do Mercantil da Coruña unha lista actualizada con todos os colexiados dispostos a actuar como administradores concursais.

Por ese motivo, ábrese un **prazo ata o día 30.11.2021, ás 14.00 h**, para que os colexiados e as colexiadas interesadas poidan solicitar por escrito ante a secretaría do Colexio a súa inclusión nesta lista.

Os requisitos de acceso á lista son os seguintes:

- Ser letrado/a exercente.
- Posuír un mínimo de cinco anos de antigüidade no exercicio efectivo da avogacía.
- Dispoñer de alta no seguro de responsabilidade civil coas coberturas esixidas pola Lei concursal

As sociedades profesionais que soliciten a alta nesta lista deberán cumprir os requisitos previstos na Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais, así como o aplicable na nova lei concursal.

Os colexiados e colexiadas que figuraban de alta na lista do ano anterior continuarán de forma automática na lista que se elabore para o 2022, salvo que comuniquen a súa baixa por escrito.

2. RECORDATORIO: XORNADAS SOBRE AS MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS POLAS LEIS 8/2021 (17 e 23 de novembro, ás 18.00 h)

Días: 17 e 23 de novembro

Hora: 18.00 a 20.30 h

Lugar: salón de actos da facultade de Ciencias Políticas (avda. do Dr. Ángel Jorge Echeverri, s/n, Campus Vida —en fronte da facultade de Dereito)

Modalidade: presencial

Prazas: 200 (por orde de inscrición)

Matrícula: gratuíta para colexiados/as do ICA Santiago e alumando do MUA; 150 € para as demais persoas interesadas

Inscrición: por medio de solicitude escrita, que se remitirá ao correo icajuzgado@icasantiago.org

Prazo: ata o venres 12 ás 14.00 h ou ata completar as prazas dispoñibles (avisarase cunha nota cando se cubran as prazas)





CIRCULAR INFORMATIVA 10/2021

Programa:**1ª sesión. Mércores 17 de novembro, 18.00 a 20.30 h****— “Aspectos substantivos da Lei 8/2021”**

Relatora: D^a **María Paz García Rubio**, catedrática de Dereito Civil da USC

— “Lei 8/2021, do 2 de xuño. Observacións sobre a súa práctica”

Relatora: D^a **María Inmaculada Espiñeira Soto**, notaria de Santiago de Compostela

2ª sesión. Martes 23 de novembro, 18.00 a 20.30 h**— “Medidas de apoio no exercicio da capacidade: garda de feito, curatela e defensor xudicial”**

Relatora: D^a **Fuencisla Ladrón de Cegama Escudero**, fiscal da Área de Santiago de Compostela

— “Cuestións prácticas nos novos procesos da Lei 8/2021”

Relator: D. **Roberto Soto Sola**, maxistrado do Xulgado de 1ª Instancia Núm. 6 de Santiago de Compostela.